

| Documento | Expediente | Fecha |
|-----------|-------------|----------------|
| CMG1110V9 | CON/59/2016 | 12-05-17 14:20 |

Número 14 .- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes".

Destinatario

15078DCMG1110V9H



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 12 de maio de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 14 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE MOCIDADE, DEPORTES E BENESTAR ANIMAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO DE MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS E ZONAS VERDES ANEXAS ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ADSCRITAS Á XESTIÓN DO DEPARTAMENTO MUNICIPAL DE DEPORTES".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 27 de abril de 2017, da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/277 de data 3.5.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Noa Morales Sánchez, concelleira delegada de mocidade, deportes e benestar animal, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

| | | |
|---|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE | | |
| <i>Documento</i> CMG1110V9 | <i>Expediente</i> CON/59/2016 | <i>Fecha</i> 12-05-17 14:20 |

EXPÓN:

Primeiro: Con data 6 de abril de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador CESPA COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES SA.

Segundo: Con data 27 de abril celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa DUNA INGENIERIA AREAS VERDES SL ó non aportar o estudio económico requerido taxativamente no apartado 13.3 do prego de aplicación, o que impide verificar a imprescindible viabilidade económica da súa proposta.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa, **CESPA COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES SA** (CIF: P1507900G), por un importe de **131.545,42 euros/ano** (IVE aparte 21%: 27.624,54 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete 400 m2 de rede recollebalóns, a colocación de 20 unidades de elementos de seguridade e protección nas barras laterais das porterías plegables, a construción dunha estrutura de contención de arenero nos arredores do Estadio de San Lázaro e o desenvolvemento e implantación dunha plataforma web.

Designase como técnico municipal responsable-director do contrato a D. Juan Garabato Rodríguez, técnico en programación e xestión deportiva.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 21201, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

| Documento | Expediente | Fecha |
|-----------|-------------|----------------|
| CMG1110V9 | CON/59/2016 | 12-05-17 14:20 |

Anualidade 2017: 99.500 euros.
Anualidade 2018: 159.169'96 euros.
Anualidade 2019: 59.669'96 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa DUNA INGENIERIA AREAS VERDES SL ao non aportar o estudio económico requerido taxativamente no apartado 13.3 do prego de aplicación, o que impide verificar a imprescindible viabilidade económica da súa proposta.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de "Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes", a favor da empresa **CESPA COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES SA** (CIF: P1507900G), por un importe de 131.545,42 euros/ano, (IVE aparte 21%: 27.624,54 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete 400 m2 de rede recollebalóns, a colocación de 20 unidades de elementos de seguridade e protección nas barras laterais das porterías plegables, a construción dunha estrutura de contención de arenero nos arredores do Estadio de San Lázaro e o desenvolvemento e implantación dunha plataforma web.

Desígnase como técnico municipal responsable-director do contrato a D. Juan Garabato Rodríguez, técnico en programación e xestión deportiva.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 21201, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 99.500 euros.
Anualidade 2018: 159.169,96 euros.

Dependencia
CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de
Santiago de Compostela
77.- TMARE

Sello o Certificación Mecánica

| Documento | Expediente | Fecha |
|-----------|-------------|----------------|
| CMG1110V9 | CON/59/2016 | 12-05-17 14:20 |

Anualidade 2019: 59.669,96 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández